

ALCATRUZ




ASOCIACIÓN CULTURAL AIRA DAS MANTAS

MACEDA DE LIMIA
OURENSE

ANO II

Nº 1

AGOSTO 2009



ALCATRUZ

AGOSTO 2009
Nº1
Año II

SUBVENCIONAN:



*Foto portada:
Antiga Praza das Toldas (Maceda)*

EDITA:

Asociación "Aira das Mantas"

DESEÑO MAQUETA:

José Luis Rodríguez
Milagros Aldemira

MAQUETACIÓN:

Yolanda Lloves Álvarez

COLABORACIÓN:

Santiago Prol
Luis Del Campo
Luis Gil
Ángel Barrera
José Antonio García
Ramón Villar
Rodrigues Vaz
Helena Justino
Óscar Santiago
José Antonio Rodríguez
M^a José Fernández
M^a Carmen Aldemira
Pilar Aldemira

IMPRIME:

Tórculo Artes Gráficas S.A.

SUMARIO:

Limiar.....	2
Vestixios dos nosos devanceiros (II).....	3
As construcións adxectivas: o hórreo..	6
O noso poeta.....	8
Cronobiografía de João da Nova.....	10
Unha ollada ás formigas de Maceda.....	12
Nobreza obriga.....	14
Descubriendo a natureza.....	16
Os galegos em Portugal.....	22
Oficios dos galegos em Portugal.....	25
Lembranzas dunha avoa.....	26
Unha andaina polo paseo do río.....	28
Mente sa en corpo san.....	30
O val de Maceda (Parroquia a parroquia): Castro, o abrente de Maceda de Limia.....	31
Pasatempos.....	33
Para os máis cativos.....	34



LIMIAR

Volvemos e consolidamos –segundo a nosa humilde opinión- con este número un da revista ALCATRUZ, o proxecto máis ambicioso da Asociación cultural AIRA DAS MANTAS.

Logo dun ano de traballo nos distintos eidos da nosa cultura, como os xogos populares, a recuperación de contos populares, a proxección de cine galego, a celebración do Día das Letras Galegas, a liberación de libros, e outros traballos pendentes de realizar, pensamos que a culminación de todo isto é este ambicioso proxecto, plasmado nesta revista que tedes na man, e na que moita xente colabora desinteresadamente.

Temos que salientalo feito de que grande parte dos nosos colaboradores/as, neste número 1 da revista ALCATRUZ, ronda a trintena de anos, cousa que é motivo de fachenda para nós polo que significa, pois son os/as rapaces/zas novos/as quen nos han axudar e mesmo inculcar ese espírito “brincadeiro” de seu –por así dicilo- que posúen os mozos e mailas mozas.

Así mesmo, queremos, dende aquí, agradecérlle-la súa inestimable colaboración neste número, ós nosos veciños portugueses, Rodrigues Vaz e mais Helena Justino.

Nós, como asociación de carácter cultural, estamos abertos a todo aquel/a que, por suposto, queira participar connosco e teña algo que dicir da nosa longa historia e, deste xeito, poder achegalo, en especial ós nosos nenos/as e, así, eles vaian sendo, ós poucos, conscientes das súas raíces.

Tamén, debemos e queremos escoitar ós nosos vellos, depositarios de moitos saberes que se perden na memoria dos tempos.

Así pois, poderíamos simplificar e resumir as etapas evolutivas en tres: nenos, xoves e maiores; polo que, seguindo esta orde estaríamos atendendo o futuro, o presente e mailo pasado.

Non queremos rematar este limiar sen vos deixa-la sabiduría e maila verdade que zumega calquera máxima ou probervio do que botemos man, polo tanto aí vai este:

Unha persoa sen historia non téñ futuro, e nós, o val de Manzaneda de Limia, queremos ter futuro.



cabaceiro 2003

Helena



VESTIXIOS DOS NOSOS DEVANCEIROS (II)

Santiago Prol

Na Torre de Maceda ao lumbrigar bate o sol nunha pedra. Detrás dela agáchase o tesouro dos mouros custodiado por unha enorme cobra alada e negra. Tamén se atopan alfaias no túnel do pozo cubertas por unha rocha xigante. O pasadizo subterráneo –ateigado de morcegos- mesmo chega até a capela do pazo de Chaioso. O señor dese lugar ía ao empardecen polo túnel até a Torre na procura de xoias, ouro, armas...

LENDA POPULAR

O Val do Medo –un territorio privilexiado para asentamentos humanos- tivo personalidade mesmo denantes das xeirás castrexa e romana. Cando esmoreceu o imperio establecéronse eiquí os suevos [séc. V]. A cristianización, ao abeiro do que logo sería a Ribeira Sacra cenobítica [San Pedro de Rocas, Xunqueira de Espadanedo, Montederramo, Santo Estevo e Santa Cris-

tina de Ribas de Sil], foise asentando pola contorna. Nos séculos XI e XII monxes bieitos e cistercienses espaxáronse polo territorio. Da Alta Idade Media quedan pisadas eremíticas no culto a San Mamede. Eclesiasticamente a Terra de Maceda inseriuse no decanato do deán da catedral ourensá. As freguesías agromaron nos séc. X-XI. En Asadur houbo un cenobio de monxas touquinegras. O eremitorio do Medo transforma-

ríase andando os séculos no que hogano conforma o complexo mariano dos Milagres. Parte do actual territorio de Maceda amosábase en mans dos mosteiros. No séc. X mesmo tivo vencellos coa familia de San Rosendo [Celanova]. Denantes do goberno dos Trastámara, a Limia e a Terra de Maceda conformábanse administrativa e militarmente como tenencias e subtenencias reais. Para controlar a de Maceda viñeron os Nóvoas que posuían bastión e terras eiquí.

A Torre erixiuse enriba dun asentamento castrexo no cumio dun singular outeiro [logo, coa concesión da feira en 1401, foi espallándose a vila pola caeira]. A súa orixe [finais do XI – comezos do XII] debemos contextualizala na xeira de conflitos arraianos co condado portugalense. Daquela conformaba un bastión como o de Porqueira, Vilanova, Celme, Pena ou Sandiás. Protexían a sé do bispado das arremetidas dos veciños lusos. Polo *Libro de Linhagens do Conde D. Pedro* (1340)



do conde de Barcelos, por *Armas y Triunfos de los hijos de Galicia* (1662) de Felipe de la Gándara e polo *Memorial* (1709) do III conde de Maceda, sábese que a María Fernández [filla do conde de Traba] fixéronlle doazón da Torre de Maceda en concepto de dote [como asignación real] ao casar en segundas nupcias co nobre Xoán Arias de Nóvoa [polas súas cámaras pulularían egrexios persoeiros: Afonso X o Sabio, Garci Fernández, Pedro láñez de Nóvoa, João da Nova, Xoán láñez de Nóvoa, Felipe el Hermoso, Alonso de Lanzós, o seu fillo Bernardino, Joseph Benito de Lanzós e Nóvoa e os demais condes e condesas de Maceda... (Prol, 2009)].

A torre da homenaxe, de planta case cadrada, foi destruída en parte na II Revolta Irmandiña (1467-69). Logo da derrota de Diego de Lemos comezou a reconstrución e ampliacións. O acceso á torre da homenaxe faise por unha enorme porta de arco de medio punto [hogano con cristaleira], 11 chanzos, unha altura dende o paso de rolda de 2,40 m, un estreito corredor á esquerda e unha cativa porta [na actualidade pendura unha exposición permanente sobre o galego máis relevante do XVI (www.blogoteca.com/joao-danova)]. Ao seu carón foise asentando o patio de armas. Dende ese nivel pódese rubir ao andar medio [parladoiros enreixados, cheminea, coci-



ña, salóns, balconada, eirado da torre cuadrangular, parte das esqueras de caracol...] e ao superior [elevado e reformado para uso residencial na desafortunada intervención última]. Á antiga construción engadiríanlle cerca con camiño interior estreito [adarve]. Tamén moreas de plataformas sobresaíntes dos muros.

Nunha fase posterior rebaixarían a torre da homenaxe e modificarían o paso de rolda. Construírían varias dependencias adaptadas a funcións de vivenda. O alxibe-escavado na rocha- áchase no patio de armas ao carón duns chanzos. Ten un diámetro de 1,30 m no peitoril e unha profundidade duns 70 m que mesmo chegaría até o nivel de Chaioso. As paredes que fechan a casa-forte trape-

zoidal conforman catro lados con ameas matabanadas, con seteiras e dúas torres; unha circular na intersección da fachada posterior e a lateral dereita [con tres estratéxicas seteiras] e outra case cadrada no extremo sul-oeste [con tres seteiras inferiores e dúas superiores que protexían a entrada]. Na penúltima etapa constructiva transformouse nun pazo híbrido (XVII-XVIII). Erixíronse novas estancias ao abeiro do patio de armas. Cunha dobre liña defensiva, ampliouse a muralla perimetral que protexía o bastión. Apegóuselle miradoiro con balastrada (Boga, 2003). As columnas con capiteis conformaron unha solaina singular ao xeito dos pazos galegos da época [o conxunto da balconada furtárono en dúas fa-



ses (1971 e 1972)]. A superficie total en planta soborda os 1.265 m². A altura nos puntos máis elevados rolda os 17 m coas recentes reformas [finais do XX – comezos do XXI].

A única porta de entrada ao castelo ten unha altura máxima de 2,62 m e unha anchura de 1,78 m. É de arco de medio punto lixeiramente peraltado, formado por sete grandes pezas de cuña truncada en disposición radial [doelas]. A fachada principal orientouse ao sul para resgardalo de ventos e choivas. Erixíuse con perpiaños graníticos nos que enxertaron un bo feixe de enigmáticas marcas os canteiros. Os muros que o fechan amosan 2 m de grosor. Os interiores chegan a 1,50 m. A planta –asentada na lombasemella moi irregular.

As dúas pedras armeiras ubicadas na fachada principal [parede da torre cuadrangular], están protexidas por un verteaugas superior. A da esquerda esculpida sobre aguia despregada [coa cabeza amputada]. Leva torre e aguia de sable dos Nóvoas. A da dereita amósase dividida pola cruz

dos Ribadeneira decorada con cinco vieiras. No primeiro cuarteirón cincelaron os trece roeis dos Sarmiento; no segundo as raias dos Ulloa; o terceiro gravura catro barras e a inscrición Ave María Gratia Plena –brasón dos Andrade–; no cuarto aparecen os seis roeis dos Castro.

No esquinall de intersección do muro da fachada principal co lateral dereito, aparece un escudo cos trece roeis dos Sarmiento que tamén levan os Villamayor e unha variante dos Lemos. Enriba consérvanse cinco canzorros nos que se asentaba unha fermosa garita. No torreón de planta cuadrangular inseriron tres nos dous esquinais. No

extremo da fachada posterior enxertaron un escudo con dúas torres e un león baixo cinco canzorros sobre os que se apoia un beirado que mesmo soportou outra garita. Porén, aínda existe outro escudo no torreón circular –cuspido ao dos Cadórniga que se atopa no sarteiro da Igrexa de San Pedro–, con dous lobos superpostos cunha barca debaixo (Crespo, 1965). Esta casaforte (MHA, 1949 / BIC, 1994) –hogano propiedade municipal– conforma o exemplo máis paradigmático da arquitectura civil de Maceda que mesmo deberíamos trocar na súa integridade en centro interactivo e de lecer para optimizar e non lastrar as súas potencialidades culturais e turísticas.



BIBLIOGRAFÍA

- BOGA, R.: (2003), *Guía dos castelos medievais de Galicia*, Xerais, Vigo.
- CRESPO, X. S.: (1965), *Blasones y linajes de Galicia*, Ed. Bibliófilos Gallegos, Santiago.
- GÁNDARA, F.: (1662), *Armas y triunfos de los hijos de Galicia*, Ed. facsimilar, Nova Galicia Ed., Vigo.
- PEDRO AFONSO DE PORTUGAL,: (1340), *Libro de Linhagens do Conde D. Pedro*.
- LANZÓS E NÓVOA, J. B.: (1709), *Memorial*, Ed. facsimilar. Boletín da Real Academia Galega, A Coruña (1923).
- PROL, S.: (2009), *Nobres vencellados ao Castelo de Maceda*, Difusora, Ourense.
- RIVAS, E.: (1985), *A Limia. Val da Antela e Val do Medo*, Deputación de Ourense.



AS CONSTRUCCIÓN ADXECTIVAS: O HÓRREO

Asociación Cultural "Aira das Mantas"

Do latín "horreum": Almacén de gran ou celeiro da época romana que adoita aparecer nos campamentos militares romanos; é un elevado sobre pilotes ou pés, para illalos dos animais e da humidade, podendo ser de grandes dimensións e de planta rectangular.

Podemos pensar que o noso cabaceiro, hórreo ou cazipo é de orixe romana se nos guiamos pola definición e orixe desas verbas, pero non e así.

Existen distintas teorías sobre a súa orixe.

O home dende que se fixo sedentario tivo a necesidade de almacenar, tanto os cereais coma os froitos producidos pola mesma natureza; incluía belotas, millo, castañas ..., para o seu sustento no longo inverno. A súa conservación dependía dun bo secado e mais do illamento dos animais (ratos, especialmente).

O feito de estar elevados sobre pilotes fixo pensar a Frankowski no seu libro "*Hórreos y Palafitos de la península Ibérica*" (1918) que a súa orixe a tiña nas construcións palafíticas da prehistoria, pero non tén base científica ó non se atopar asentamentos palafíticos, polo menos en Galicia.

Dende logo que o máis antigo é o cabaceiro circular: construído de varas con colmo de palla, do que soamente ollei, hai anos, un no pobo de Pías, por baixo da escola.

Na súa evolución o cabaceiro, como eiquí se cha-

ma comunmente, non pasou directamente a materiais ríxidos, polo que se seguían facendo de varas.

Temos que ter en conta que a introdución do millo groso en Galicia non aparece ata ben entrado o século XVII a través de Asturias.

Temos quen defende que o cabaceiro circular non evolucionou ó rectangular senón que é propio do pobo Suevo que colonizou Galicia e o norte de Portugal cara ó século IV e que non e máis que o perfeccionamento de un celeiro rectangular elevado en postes para gardar o millo miúdo. Esta teoría deféndena os profesores Jorge Días, E. e

Veiga de Oliveira e Fernando Galhano, profesores do Centro de Estudios de Etnología Peninsular de Oporto.

O achado dunha furna funeraria de bronce, no norte de Alemania, habitado polos suevos, de forma rectangular que reproduciría un hórreo, apoia esta teoría.

Entre estas e outras teorías non hai conclusións certas sobre a evolución do cabaceiro redondo de varas á estrutura actual do mesmo.

As máis antigas referencias do cabaceiro aparecen en escrituras, do século XII ó XIV, de compraventa e doazón de herdades de mosteiros. A máis vella referencia é unha doazón do Rei Afonso IX de León, o 13 de febreiro de 1219.

"Inde per vian quae tendit ad orreum vrun. Escepto ipso orreo cun sou currali ... (Bentanços).

É o hórreo a construción máis sobranceira da arquitectura popular galega e ó mesmo tempo a representación



da capacidade económica do noso labrego. Está situado en lugares de ventos, dominante, perto das casas ou en agrupacións en terreos comunais cunha orientación uniforme.

Nunha miniatura das cantigas de Afonso X o Sabio, do século XIII aparece por pri-

meira vez a representación gráfica do hórreo.

A partires da introdución do millo procedente de América, ss. XVII-XVIII, prodúcese a modificación dos vellos hórreos aumentando a súa capacidade e modificando os caracteres construtivos para

adaptalos ó novo cereal.

Temos, en canto ás materias construtivas, distintos tipos de hórreos: de vergas entretecidas, de madeira, de pedra e madeira e só de pedra. Os de pedra non aparecen ata o s. XVII.



DECRETO

B.O.E. nº 62, de 13 de marzo de 1973

Decreto 449/1973 de 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os hórreos e cabaceiros antigos existentes en Galicia e Asturias.

Artigo primeiro. Todas as construcións coñecidas co nome de hórreo ou cabazos, existentes nas rexións de Asturias e Galicia que teñan una antigüidade de máis de cen anos, e sexa cal sexa o seu estado, quedan baixo a protección do Estado, que impedirá toda intervención que altere o seu carácter ou poida ser derrubado.

Artigo segundo. A protección estatal á que se refire o artigo primeiro será exercida a través da Dirección Xeral de Belas Artes, polo Ministerio de Educación e Ciencia.

Artigo terceiro. Os propietarios ou usuarios destas construcións non poderán cambialos de lugar nin facer obras nelas sen previa autorización do Ministerio de Educación e Ciencia.

Artigo cuarto. O coidado destas construcións queda encomendado ós Concellos ...

Artigo quinto. Polo Ministerio de Educación e Ciencia dictaranse cantas disposicións sexan necesarias para o cumprimento e execución do presente Decreto.

Conclusión: A día de hoxe, por mor do abandono do campo e mais o cambio nas estruturas agrarias o noso cabaceiro está abocado a servir como adorno nos xardíns ou a sufrir un deterioro considerable como outras construcións adxectivas, motores nos séculos XVIII e XIX da economía do campo galego.



O NOSO POETA

Luis Gil Carballo

BREVES NOTAS AUTOBIOGRÁFICAS

Nacín en Maceda o 18 de setembro do 74. Son máis de paisanaxe que de paisaxe. Actualmente curso estudos de Filosofía na U.N.E.D (eventualmente, porque a miña intención é facer tamén Matemáticas).

É doado supoñer, polo tanto, que o meu interese intelectual, ademais da poesía, que máis que un interese é unha necesidade, unha maneira precisa de entenderme, se encamiña pola Filosofía da Ciencia.

Co meu poema "SOY CENIZA" quedei semifinalista no concurso promovido polo CENTRO DE ESTUDIOS POÉTICOS de Madrid. Está incluído na antoloxía "IMPRESIONES Y RECUERDOS", editado polo propio centro de estudos poéticos.

SOY CENIZA

QUEDÓ EL CRUDO

FRUTO DE LA LLAMA

LANGUIDECIENDO

COMO UNA ESCALERA QUE BAJA..

(Luis Gil Carballo)



EL VICIO DE EBRIEDAD

-----es curioso:de niños somos malos:
sin más: después ser malo
se llena de matices .(JOSE LUIS PIQUERO)

NO SON GESTOS DESIGUALES
NI ODIOS PARECIDOS .
SON MALDADES PROPEDÉUTICAS
EN LAS TARDES EN QUE NO APRENDO
O QUE HE APRENDIDO A DISCERNIRME
SINTIÉNDOME CULPABLE.
QUIZÁS SEA LA DISCULPA
DE ALGUIEN QUE NO HA APRENDIDO A QUE LA QUIERAN.
PERO TAMPOCO SABE ODIAR COMO DIOS MANDA.
DE ALGUIEN QUE NO RECUERDA SUS MEJORES AÑOS.
POR ESO SON LOS MEJORES
PORQUE NO LOS RECUERDA.

(Luis Gil Carballo)



SIN TÍTULO

LOS TRANQUILIZANTES NO OBEDECEN SUS EFECTOS.
HAY GRIETAS EN LAS FOTOGRAFÍAS.

YO YA NO ESPERO NADA
SÓLO QUE PASE LA TARDE
Y CON ELLA EL DÍA
Y QUE AMANEZCA EL PRÓXIMO
CON LLUVIA Y JALONE
LAS COSAS A SU ANTOJO.
ES DIFÍCIL SER UNO ENTRE VOSOTROS
SER TANTOS EN LA INDIGENCIA
DEL ESPACIO, ESOS UNIVERSOS INFLACIONARIOS.

EL ALCOHOL YA NO ACOMPAÑA
HA DEJADO DE LAMERME LAS HERIDAS
Y BUSCA BRONCA EN LOS RESQUICIOS DE LA SOMBRA
Y HABLA MAL Y YA NO SE COMPORTA.

YO YA NO SOY EL MISMO
ENTREGADO A UN FUTURO QUE ES SIEMPRE (O EL DE SIEMPRE)
QUE SIGUE OBEDECIENDO LAS LEYES DE LA TERMODINÁMICA.
PERO ESPERO REVELARME UN DÍA
Y TODA TEORÍA SERÁ HIPÓTESIS
Y VIVIRÉ CON LA ESPERANZA DE LOS OJOS
QUE VERÁN UN MAÑANA QUE NO SEA ZUPIA
DE ESTE HOY QUE PRESENCIO EN LAS VIDRIERAS.

LOS FÁRMACOS DESPRECIAN SU RUTINA.
HAY OLVIDOS QUE ES MEJOR QUE SIGAN ENTERRADOS.

(Luis Gil Carballo)

ME DOY CUENTA AHORA
MÁS TARDE QUE EL PASADO
QUE NUESTRO AMOR:
FUE FUNGIBLE.

(Luis Gil Carballo)



CRONOBIOGRAFÍA DE JOAO DA NOVA, o galego máis relevante do século XVI

Asociación Cultural "Aira das Mantas"

- 1450** [perto de]. Nace **João da Nova [Xoán de Nóvoa]** neste territorio.
- 1467** Revolución Irmandiña.
Foxen cara Portugal o arcebispo Fonseca II e relevantes nobres galegos [varios vencellados coa casa nobiliaria dos Nóvoas de Maceda].
Diego de Lemos asalta e derruba parte da Torre de Maceda.
- 1469** Regresan [con mercenarios] os nobres dirixidos por Pedro Madruga.
Remata a Guerra Irmandiña coa derrota dos revolucionarios.
- 1476** Isabel de Castela vence a Afonso V de Portugal que apoia causa da Beltranexa no conflito sucesorio.
- 1479** Tratado de Alcaçovas entre Castela e Portugal para dividir o mundo.
- 1480** Represiva presenza en Galiza da Santa Hermandad, Real Audiencia e gobernadores enviados polos Reis Católicos ["doma e castración do Reino de Galiza" en verbas de Zurita].
João da Nova marcha cara Lisboa desencantado coa nova realidade política en Galiza e Castela.
- 1481** Morre Afonso V de Portugal.
Sobe ao trono luso João II.
- 1488** Bartolomeu Días dobra o Cabo das Tormentas [Boa Esperanza] cara o Índico.
João da Nova participa activamente nas expedicións militares e de exploración polo Atlántico cos portugueses.
- 1492** Conquista de Granada.
Expulsión dos xudeus.
Relevantes cadros hebreos refúxianse en Portugal.
Cristovo Colón descubre accidentalmente varias illas no Caribe.
- 1494** Tratado de Tordesillas.
Divídese o mundo descuberto e por descubrir entre Portugal e Castela.
- 1495** Morre João II.
Sobe ao trono luso o seu curmán Manuel I.
- 1496** **João da Nova** exerce como alcaide da cidade portuaria de Lisboa.
- 1498** Vasco da Gama descubre o camiño marítimo cara a India circunnavegando o continente africano.
Chega a Calecute, o grande emporio do Malabar indio.
- 1500** II Expedición cara a India con Álvares Cabral que oficialmente descubre Brasil.
- 1501** **João da Nova** comanda a III Expedición con catro caravelas innovadoras.
Descubre a Ilha da Trindade [fronte as costas do Brasil].
En Mossel Bay funda a primeira igrexa cristiá do que hoxe conforma Sudáfrica.
Acha Juan de Nova Island [na canle de Mozambique].
Asenta unha feitoría [lugar para o comercio] en Cananor [India].
Atopa a cobizada Ilha da Taprobana [hogano Sri Lanka, antano Ceilán].
Derrota ao samorím [señor do mar] de Calecute na Batalla de Cananor.



- 1502** Volta felizmente a Lisboa coas catro caravelas cargadas de pementa, canela e outras mercadorías de Oriente demandadas].
Atopa [na torna-viagem] Agalega Islands [perto de Madagascar].
Descubre a estratéxica illa Santa Helena no Atlántico Austral.
Tamén a illa Ascensión [algúns cronistas datan este achado en 1501].
- 1505** Parte cara a India comandando o buque insignia da mariña portuguesa, a nao Frol de la Mar.
Fai intensas xestións diplomáticas pola costa oriental africana.
Constrúen unha fortaleza en Quíloa.
Conquistan Mombasa.
Francisco de Almeida ocupa o cargo de vicerrei en Cochim [India].
João da Nova exerce a diplomacia en varias misións no Malabar indio.
- 1506** Sae das costas do Kerala [Malabar] coa Frol de la Mar.
Inverna na illa de Pemba [perto de Zanzibar] por mor do monzón desfavorábel.
Atópase en Mozambique coa expedición comandada polo seu amigo e financeiro Tristão da Cunha.
- 1507** **João da Nova**, Tristão da Cunha e Afonso de Albuquerque conquistan a illa Socotorá, na entrada do Mar Roxo.
João da Nova acompaña a contragusto a Afonso de Albuquerque polas costas de Omán até o grande emporio de Ormuz [nunha incursión de terra queimada].
- 1508** O nauta galego regresa á India coa Frol de la Mar.
O fillo do vicerrei [D. Lourenço] morre na Batalla de Chaul fronte a Mir Hocem, o capitán maior do sultán de Exipto.
- 1509** **João da Nova** e Francisco de Almeida derrotan a unha coalición de turcos, exipcios e indios na histórica Batalla Naval de Diu, transcendental para o dominio dos lusos en Oriente.
O mariño galego estivo en primeira liña co buque insignia Frol de la Mar.
+ Morre **João da Nova** a finais dese ano en Cochim, sede do vicerreinado.
- 1510** O comercio mundial concéntrase no eixo Lisboa-Sevilla en detrimento do Mediterráneo [até daquela o centro económico do mundo era O Cairo].
- 2002** Cincocentos anos despois das descubertas de Trindade, Juan de Nova Island, Sri Lanka, Agalega Islands, Santa Helena e Ascensión, o espírito deste egrexio mariño galego emerxe na súa terra de orixe coa publicación da súa biografía.
Inaugurase na torre da homenaxe do Castelo de Maceda a exposición permanente “**João da Nova, o descubridor do século XVI**”.
- 2009** Cúmprense 500 anos do pasamento de **João da Nova**, o galego máis relevante do século XVI.
Galiza segue a ter unha débeda no recoñecemento deste fillo sobranceiro.

FONTES:

PROL, S.: (2002), *João da Nova, un mariño galego ao servizo da Coroa de Portugal*, Deputación de Ourense.

PROL, S.: (2009), *Nobres vencellados ao Castelo de Maceda*, Difusora, Ourense.

www.blogoteca.com/joaodanova



UHNA OLLADA ÁS FORMIGAS DE MACEDA

Ángel Barrera Aldemira- Asociación Ibérica de Mirmecología

As formigas constitúen un grupo animal que tivo un grande éxito evolutivo e que hoxe en día téñen unha importancia ecolóxica maiúscula. Coñécese arredor de 12.000 especies diferentes de formigas no mundo. Evidentemente, nun número tan grande de especies a variedade é enorme, tanto no aspecto físico como nos comportamentos e xeitos de vida.

Hai formigas minúsculas, de medio milímetro, e hai formigas grandes, de ata tres centímetros. Unha colonia completa das máis pequenas cabería comodamente no espazo que ocupa a cabeza dunha soa das grandes. Máis espectaculares, aínda son as diferencias nos comportamentos, habilidades ou xeitos de vida. Así, atopamos desde formigas que viven en comunidades pequenas adicadas á caza, ata sociedades de centos de miles de individuos que cultivan o seu propio alimento; desde “pastoreo” doutros insectos ata comportamentos denominados “escravistas” dunhas formigas sobre outras; desde formigas planadoras ata formigas mergulladoras. Non cabe dúbida que as formigas son unha familia de insectos moi interesante e variada. Esta familia chamase *Formicidae*, ou formícidos.

En todas as terras emerxidas, agás a Antártida, as formigas están presentes, e en grande número, de feito calcúlase que, quilogramo a quilogramo, igualan a masa dos humanos. En Maceda, por

suposto, tamén temos un bo lote de formigas. Quizais as máis espectaculares vistas por quen isto escribe son as *Polyergus rufescens*, formigas grandíñas de cor vermella escura con mandíbulas en forma de sabre. Con estas armas formidables nas súas campañas de verán asaltan niños doutras formigas para secuestrar larvas e capullos, que logo madurarán no niño destas amazonas para servir-lles de man de obra. Xa ven, formigas escravistas en pleno centro de Maceda.

Nos xardíns podemos atopar formigas do xénero *Lasius*, medianiñas tirando a pequenas de cor entre castaño escuro e negro. Estas formigas gustan moito das secrecións doces dos pulgóns das prantas, así que non dubidan en... ¡pastorealos!. Si, si, estas formigas coidan e protexen aos pulgóns, levándoos a “mellores pastos” cando é preciso. Estas formigas son moi abundosas nas rúas das cidades e vilas da costa galega, sen embargo nas rúas de Maceda perden protagonismo fronte ás do xénero *Formica*. Posiblemente a especie máis

visible polas rúas de Maceda é a *Formica cunicularia*. As *Formica* en xeral son formigas entre medianas e grandes, de movementos bastante rápidos e que se adican á caza e ó carroñeo. Así que xa saben, déixenas traballar tranquilas que limpan as rúas e controlan o número doutros animais moito máis molestos.

Outras formigas que se poden atopar en Maceda son as *Myrmica*, formigas propias das latitudes máis ao norte da Península Ibérica, moi fermosas vistas baixo a lupa. Nunha ocasión observamos tamén un grande voo nupcial de Te-



Obreira de Polyergus de volta ao niño cunha pupa roubada.

Autor: José María Gómez Durán



tratorium, formigas pequenas que se atopan con facilidade por toda a Península Ibérica. Tamén temos observado *Camponotus lateralis*, unha fermosísima formiga arborícola de tamaño medio, coa cabeza e o mesosoma (tórax, para entendernos) dun intenso vermello.

De brillante cor encarnada é tamén, como o seu nome indica, a *Formica sanguinea*, que atopamos nos bosques dos arredores de Maceda. Por certo, que este insecto tamén é “escravista”, aínda que cando é preciso pode vivir sen escravas, ao contrario que as *Polyergus*, antes mencionadas, que non poden sobrevivir sen o traballo das “escravas”.

Tamén nos arredores, concretamente na beirarrúa do Reconco, xa afastados da derradeira casa, observamos as incansables *Messor capitatus*, de lustrosa cor negra, formando longas e perfectas ringleiras ao entrar e saír do formigueiro na procura de sementes, pois as *Messor* son granívoras. Son ademais formigas polimórficas, é dicir, na mesma colonia hainas de distintos tamaños e formas. Todas colaboran na busca das sementes, pero á hora de “procesalas”, traballan en cadea. Empezan as máis grandes, con enormes cabe-



Moitas formigas pastorean áfidos. Aquí vemos un par de formigas do xénero Camponotus en plena tarefa. Autor: Alexandre Pierre Porthault

zas, para aloxar nos potentes músculos das mandíbulas coas que parten os grans. Os anacos pasan a outras obreiras algo máis pequenas, que os volven a partir en anacos máis pequenos e así progresivamente con formigas máis pequenas, ata chegar a facer o chamado “pan de formiga”, pasta coa que se alimentan todas elas e máis as larvas.

No bosque do castelo, nas partes máis abertas e soleadas, atopamos algo distinto, formigas do xénero *Cataglyphis*, que traballan máis en solitario. Están “deseñadas” para traballar sen problemas cando o sol máis apreta e as outras especies non poden saír. Teñen longas patas para separar o corpo do quente chan, uns grandes ollos cos que ademais poden orientarse co sol, e coa súa alta velocidade non lles dá tempo a queimar os “pés” no ardente chan.

Se tiramos cara a outra banda, no paseo do río, vemos outras formigas. A alta humidade favorece a presenza das *Lasius* das que antes falabamos (as pastoras de pulgóns ¿lembran?) pero ademais das *Lasius* escuras podemos atopar tamén algún niño dunhas *Lasius* menos frecuentes, as amarelas, ou máis ben, da fermosa cor do mel claro. Atopamos tamén, agochadas

nas landras dos carballos as pequenísimas *Temnothorax*. Noutro extremo de tamaño, baixo as lousas do paseo, xa á altura de Francos ou algo máis aló, teñen o seu lar as enormes *Camponotus vagus*, negras formigas dun bo centímetro de largura.

Para dar fin a estas liñas, comentar que este pequeno repaso sae de observacións feitas ao chou por un afeccionado; imaxínense o que atoparía un biólogo profesional nunha procura sistemática. Máis do triple, seguro.

Como podemos ver a variedade na natureza é abraiante, e coas formigas podémolo apreciar practicamente na porta da nosa casa. Lembremos sempre a responsabilidade que temos como especie, supostamente intelixente, de respectar esta riqueza natural, aínda, nos seus máis pequenos representantes.



NOBREZA OBRIGA


José Antonio García Rodríguez

A importancia do patrimonio documental vai, ás veces, na contra proporcional ó seu descoñecemento e valoración como parte do “corpus” do noso patrimonio cultural. A poboación é, en xeral, mais sensible á imaxe mediática que transmite un monumento arquitectónico ou arqueolóxico, que a un documento recollido en pergameo, debuxo ou fotografía. O conxunto de fondos documentais que conforman os arquivos, nos seus distintos soportes, gardan a memoria, tal vez máis feble da nosa historia gráfica ou escrita. No caso concreto dos arquivos históricos provinciais desde a súa creación, no ano 1931, por un Decreto dos entón ministerios de Xustiza, de Instrución Pública e Belas Artes, co obxecto de salvagardar o “tesoro documental histórico español”, están a recoller a singular documentación, espallada en múltiples entidades públicas ou privadas, daquela a piques de desaparecer. A súa organización e posta en funcionamento non foi doada pola chea de atrancos burocráticos, dificultades humanas e materiais só vencidas, en boa parte, polo teimudo interese dos membros do Corpo Facultativo de Arqueiros que estaban ó seu fronte —salientable e ben coñecido é o labor de D. Xesús Ferro Couselo no

caso de Ourense— resultando que, a data de hoxe, chega ata nós a súa herdanza coa finalidade de seguir a conservar e transmitir ás xeracións futuras o sobranceiro legado dos seus contidos como parte da súa identidade.

O comentario vén a conto da recente publicación, polo historiador Santiago Prol, do libro “Nobres vencellados ao castelo de Maceda” (Difusora, Ourense 2009), unha achega á historiografía de ilustres persoeiros da vila ourensá que bebe nas fontes documentais, e por tanto contrastadas, de arquivos e bibliotecas ó traveso da esculca do seu autor. No cumio do “boom” editorial da literatura ou o ensaio mal chamado “histórico” que non é máis que material apócrifo ou enganoso, é de agradecer este serio traballo biográfico sobre nobres ou salientables personaxes de Maceda, amparado en datos e contextos rigorosos e nalgún caso inéditos.

Santiago Prol desenvolve a súa obra, dende a Baixa Idade Media ata o século XVIII, en seis capítulos, dous apéndices gráficos e a transcripción final dun “Memorial” (do 1709) coa pretensión de relatar un retábulo de nobres vencellados á Casa de Maceda, confor-



mados “con rexistros diferentes para que mesmo se puidesen ler independentemente” e procurando “un libro destinado a un público maioritario” segundo comenta no limiar o propio autor. Esta sistemática de exposición, con citas ben enfiadas e mailo estilo nidio e próximo, é un mérito engadido que achega doadamente o libro ó lector profano, cun resultado que por divulgativo non mingua o seu labor científico, bondade esta que non é posible predicar de moita enredada obra de investigación difícil de aturar.

Velaquí, pois, un estudio que retrata a andaina biográfica dos máis salientables nobres da entón coñecida como Manzaneda da Alta Limia (así aparece referenciada Maceda





en moitos documentos e que nada tén que ver coa Manzaneda de Póboa de Trives), especialmente xunguidos á heráldica do apelido Nóvoa ou Noboa, como ben pón de manifesto a versión cuasi facsimilar do citado “Memorial” de Joseph Benito de Lanzós e Nóvoa, Conde de Maceda, que en 1709 dirixe á Súa Maxestade (O Rei Felipe V) solicitando a Grandeza para o seu Título, unha acertada aportación recollida ó remate do libro e que, a pesares do estilo laudatorio propio destes documentos, reflicte por si só a importancia de señoríos, propiedades e privilexios, que a casa-forte de Maceda tivo na historia nobiliaria do país.

Compre sinalar, polo seu interese e amenidade para os curiosos desta obra, os capítulos adicados a Pedro lañez de Nóvoa e a Joao da

Nova. O primeiro deles, bispo de Ourense, iracundo señor feudal de finais do século XIII., inimigo e perseguidor dos franciscanos que chegou a incendiar o seu convento (coa paradoxa de que logo foi reconstruído polos seus herdeiros noutro emprazamento), cunha historia de sangue, liortas e preitos, novelesca de seu, semente de discordias que sorprenderá ó lector pola belicosidade que hoxe non se asociaría a un prelado da igrexa. O segundo, navegante do século XVI, tamén cabaleiro da Casa de Maceda, sobre o que o autor tén xa un traballo anterior (*Joao da Nova, un mariño galego ao servicio da Coroa de Portugal*; S. Prol, Dep. Ourense, 2002), descubridor xeográfico de lugares como as illas Trinidad, Santa

Elena, Ascensión ou Taprobana (a actual Sri Lanka), que exerceu misións diplomáticas e para quen o autor solicita unha comprensible reparación histórica, xa que o nacionalismo portugués agachou esta senlleira figura da navegación en beneficio doutras, máis interesadamente “súas”, como puideron ser as de Afonso de Albuquerque ou de Vasco de Gama.

Para avaliar este ensaio, retallo da memoria histórica dun pobo, ou tan só para quen queira saber máis, o texto remata coa correspondente relación bibliográfica e un directorio de fontes consultadas na súa modalidade documental, de publicacións periódicas e incluso de páxinas web, cumprimentando a obra doadamente.



DESCUBRINDO A NATUREZA

Ramón Villar Prol

Podo imaxinar perfectamente aquel día. Despois de ter descendido nunha pequena embarcación ao longo da costa occidental italiana, o 2 de abril de 1787 chegaban ao porto de Palermo. A súa tripulación desembarcou, na súa maioría, dispóndose mecanicamente a realizar as súas habituais tarefas comerciais. Pero dous deles eran agardados por un home que os acompañou cara á entrada da cidade, a *Porta delle legne*, cunha altura considerable para así permitir o paso da imaxe de San-

monte de Santa Rosalía. Pola noite, mentres o mozo debuxante que o acompañaba durmía para reporse da longa travesía polo Tirreno, Goethe plasmaba no seu caderno¹ unha reflexión que cambiaría a miña visión do ser humano con relación á natureza que o rodea: *"Se un home non se viu rodeado do mar, non pode ter unha idea do mundo e da súa posición respecto deste"*.

Coa miña xeración a imaxinación comezou a perder a guerra contra un inimigo que a medida que pasan os anos se

era algo que me obsesionaba de cativo e que, aínda hoxe, fai que a miña fantasía tome voo, ás veces case sen decatarme.

Cando Toño nos propuxo a idea de emprender unha viaxe atravesando Pena Trevinca non dubidei nin un segundo en darlle unha resposta afirmativa. Non tiñamos unha ruta establecida con detalle, pero máis ou menos sabiamos o que íamos facer. O plan consistía en que o tren nos levase a nós e ás nosas bicicletas ata Puebla de Sa-



Foto de José A. Carballo Pose

ta Rosalía o día da súa festa, o 15 de xullo. Axiña chegaron á pensión, rexentada por un matrimonio francés que lles tiña reservada unha habitación cunha vista inmellorable. Dende o seu balcón podía observarse o mar e tamén o

vai facendo máis e máis forte. A tecnoloxía audiovisual. Pero por sorte aínda somos moitos os que nos deixamos seducir polas historias de Jules Verne, Salgari, Dickens... Vivir baixo a pel de Phileas Fogg, Shandokan ou Jim Hawkins,

nabria, e dende alí deberíamos regresar a Ourense atravesando Pena Trevinca. De tódolos xeitos non sabiamos se iso sería posible, pois seguramente a neve deste último inverno sería un obstáculo imposible de superar. Por iso, aceptamos a idea de que tal

(1) O diario de abordo elaborado por Goethe publicárase en 1816 co nome de Viaxe a Italia



vez tivesemos que limitarnos a rodear o pico máis alto de Galicia.

O día 19 de marzo, Xulio, Toño e mais eu, espertamos nun pequeno albergue ás aforas de Puebla de Sanabria. Aínda era cedo, pero había moito que facer. Almorzamos mentres deseñabamos o plan para esa xornada. Sabíamos que en Vega de Conde había un refuxio, así que o obxectivo era chegar a ese punto antes de que a noite nos alcanzase. Non tiñamos verdadeira consciencia do que nos agardaba, por conseguinte tomamos as cousas con relativa tranquilidade: preparamos comida para máis ou menos dous días, que era o prazo no que deberíamos atopar de novo a civilización; colocamos as equipaxes nas bicicletas e observamos, por última vez, o mapa coa ruta sinalada antes de saír.

A mañá resultou tranquila. Visitamos a zona alta da vila que alberga a espectacular pegada das súas orixes. Esa situación privilexiada, sen dúbida, impediu que o crecemento urbano eclipsase tan magno legado. No foro de 1220 temos o punto de referencia máis antigo da súa fortaleza, pero a Igrexa de Santa María del Azogue danos a pista de que xa no século XII esta deixara de ser unha "terra de ninguén" naqueles tempos nos que musulmáns e cristiáns loitaban polo control da Península. Teño que re-

coñecer, que a pesar de que ás veces me resulta repetitivo o "turismo de igrexas e santuarios", esta vez fascinoume a concentración de tantos séculos de historia nunha construción relativamente tan pequena. A parte máis antiga está composta por dúas portadas románicas situadas no sur e no leste. Na súa portada principal téñen un rosetón típico de finais deste período, moi semellante aos que podemos observar en Ourense ou no norte de Portugal. O resto da igrexa é claramente gótico, exceptuando a torre do campanario, de incipiente estilo barroco. Precisamente case pegado a esta, atópase a Igrexa de San Cayetano, cun estilo completamente gótico. A miña imaxinación tívome toda aquela mañá facendo unha viaxe paralela polo pasado, ata que o reloxo nos lembrou que había que poñerse a dar pedal se queríamos chegar a tempo ao noso obxectivo.

A mediodía paramos a comer no Lago de Sanabria. En canto rematamos aquel xantar, deixamos de ser uns turistas convencionais para enfrontarnos a catro xornadas que se converteron na nosa particular loita contra a natureza. A estrada que subía cara á Laguna de los Peces que é un porto de primeira categoría polo que unha semana despois debería ter pasado Lance Armstrong na volta a Castela León de non ter sido porque na primeira etapa rompeu a clavícula. A diferenza con respecto a nós, era que ningún equipo ciclista nos pagaba, e que íamos cunha equipaxe ás costas, duns dez quilogramos cada un. A iso das cinco da tardiña, chegamos á lagoa, que estaba completamente conxelada. Acabárase o asfalto, e o esforzo da subida xa se comezaba a notar nos nosos rostros. Estabamos nunha zona considerada parque natural, polo que a única ruta





para chegar ao pico limitábase a un intermitente sendeiro marcado por unhas balizas de cor azul. Isto fixo que retomáramos a idea de bordear a montaña, pero Toño axiña nos lembrou que el non tiña pensado volver á casa sen ter alcanzado o cumio. Estaba decidido: cruzaríamos a fronteira entre Zamora e Ourense atravesando o pico máis alto de Galicia. Todo tería resultado fácil se non fose porque a abundante neve agochaba, baixo o seu manto, case todos os sinais que deberían ternos indicado o camiño.

Pouco despois de ter abandonado o asfalto démonos conta de que as bicicletas, tan útiles para levarnos ata aquel punto da viaxe, se converterían nun terrible lastre. Axiña tivemos que desmontar para comezar a que sería unha longa e tediosa andaina. Ningún de nós dicía nada, pero na nosa conciencia xurdiu a idea de que a ese ritmo a noite podería chegar antes de que atopasemos o refuxio. A medida que avanzabamos, o camiño íase camuflando entre a branca paisaxe. O nerviosismo comezou cando perdemos completamente de vista as balizas. Que faciamos? Vol-

ver co rabo entre as pernas non parecía unha boa opción. Sacamos o compás e mailo mapa e despois de situar o lugar onde criamos que se atopaba o refuxio decidimos cal sería a dirección a seguir. Por sorte ou por pericia, tras camiñar durante un tempo, atopamos algunha zona con menos neve na que reaparecían as estacas coloreadas de azul. Isto tranquilizounos un pouco, pero non nos quedaba moito máis dunha hora de luz, e non estabamos seguros da distancia que nos separaba do refuxio. Foron as pegadas duns camiñantes que viñan en dirección oposta as que nos levaron ata a ladeira dende a que divisamos o val no que se atopaba Vega de Conde. De repente, despois de máis de tres horas camiñando sen estar seguros de onde nos estabamos a meter, mirámonos os tres, e unha risa espontánea fixo innecesario o uso de palabras. Aquilo que se vía no fondo da ladeira era o refuxio. Comezamos a descender apresurados, ata tal punto que por un intre perdemos de novo o contacto visual con aquela vella caseta de pedra. Pero ese día gañámoslle a carreira contra reloxo ao sol.

Os poucos minutos que lle sacamos de vantaxe, permitiéronnos recoller algo de leña e facer un lume para secar a nosa roupa e poder recuperar a temperatura corporal. Gustaríame contar que aquela foi unha noite na que compartimos unha agradable cea a carón da fogueira, expresando orgullosamente as impresións da nosa fazaña. Pero aquela maldita cheminea tiña estragado o tiro, e as camas non eran máis que unhas táboas de madeira. Quitamos as prendas molladas, e puxemos ata o último trapo que levabamos nas mochilas para non morrer co frío.

Había unha vez un home pequeniño de bigotes, cun nome que é mellor non lembrar, ao que lle gustaba, que digo gustaba, lle encantaba desecar pantanos e inaugurar obras públicas. Precisamente, aló polo 1956, a escasos quilómetros cara ó sur de onde nos espertamos aquela mañá, este señor inauguraba o encoro de Vega de Tera adornado polo típico protocolo pomposo que adoitaban ter estas celebracións. Anos despois, os habitantes de Ribadelago preguntaríanse por qué nin aquel señor, nin




ningún membro da empresa constructora Moncabril, volveu por aquel lugar que tanto eloxiaban antes. O coche novo dalgún funcionario, as vacacións dun dos arquitectos, os estudos no estranxeiro do fillo dalgún alcalde... eran prioridades que obrigaron a que o encoro se fixese con material máis económico. Estas prioridades escribiron co sangue de 144 persoas a traxedia da vila de Ribadelago. Na noite do 9 de xaneiro de 1959, a tormenta era tan forte que ninguén advertiu que a presión de milleiros de metros cúbicos de auga romperían aquelas fráxiles paredes de formigón e asolagarían toda a aldea. Non houbo cárcere, non houbo responsabilidades, tampouco indemnizacións. Só houbo morte.

Todos eses pensamentos andaban pola miña cabeza, mentres estiraba os músculos das miñas costas, que tanto sufriran ao longo da noite. Lonxe do triste pasado, atopabámonos nun paraíso natural. O canón polo que discorre o nacente do río Tera forma un precioso val cuberto de neve durante case todo o ano. Hoxe parecía que non teríamos problemas para orientarnos, xa que só había que subir o curso do río para atoparnos de fronte co noso destino. Un destino de 2127 metros de altura. Almorzamos un pouco e emprendemos a nosa marcha. Teríame gustado visitar Ribadelago, pero

non había tempo. A neve estaba bastante dura e o val era chan, polo que non era moi difícil camiñar. Non obstante, sabíamos que a xornada deixaría de ser un paseo en canto nos achegasemos á base do grande pico. Serían uns escasos dous quilómetros os que tivemos que subir no último tramo, pero levounos máis de dúas horas. Foi entón cando non só nos lembramos de que traíamos as bicicletas connosco, senón que as maldicimos ao longo de cada metro de percorrido. En moitas ocasións non servía con empurrar delas, había que transportalas a pulso. Xulio levaba unhas alforxas, polo que a roda traseira se enterraba constantemente. Cen metros antes de alcanzar o cumio decidimos deixalas, para logo recollelas e continuar a viaxe. A emoción que sentíamos naquel intre era increíble. Os últimos metros foron un sprint agatuñando polas rochas. O día 20 de marzo ás 13:05 h. cumprírase o noso pequeno soño.

Mentres xantabamos démonos conta de que por increíble que pareza, o máis duro da xornada aínda estaba por vir. Si, estábamos aló arriba, pero acabáramos as nosas últimas racións de comida, e debíamos atopar de novo un lugar onde durmir aquela noite. A priori parecía sinxelo, só había que dar co nacente do río Xares, seguir o seu curso, e chegaríamos á vila do mes-

mo nome. O problema era que se ocultaba entre unha espesa capa de neve. Sacamos de novo o compás e o mapa para orientarnos, acordamos a dirección que debíamos



tomar, baixamos a recuperar as bicicletas, e puxémonos en marcha. Non había tempo que perder. O primeiro regato que atopamos deunos a pista a seguir, e ademais permitiu que os nosos corpos ao borde da deshidratación recuperasen certo equilibrio fisiolóxico. Ao lonxe puidemos intuír unha especie de val polo que forzosamente tiña que descender o curso do Xares. Había que elixir a dirección axeitada, pero non o fixemos. Tivemos que desandar parte do camiño feito, e mollarnos de novo cruzando dunha beira á outra do río. O certo é que durante esa tarde repetimos tantas veces esa operación que deixamos de darlle importancia ás nosas roupas empapadas. A expresión da miña cara debeu ser parecida á dos meus compañeiros cando vimos que nos atopabamos ante un canón, e non un val. Por onde



descenderíamos agora. Buscar outra ruta era imposible. Poderían pasar horas antes que a atopasemos. Na distancia víanse uns muros de pedra que dividían unhas terras. A nosa esperanza era que alí tiña que haber un camiño á forza. Así que non o pensamos máis, descendemos por unha abrupta ladeira pola que estou seguro de que non pasou ninguén en moitos anos. Nalgunhas zonas tiñamos que pasar ignorando que os carpazos nos rabuñaban por todo o corpo, noutras puídemos deixarnos deslizar pola neve. Cando chegamos ó fondo metémonos por un terreo ateigado de xestas e árbores secas, dignas dunha película de terror. Xulio estaba de mal humor e propuxo intentalo por outro lugar. Eu non estaba moi seguro, pero dende arriba parecérame ver que despois disto se atopaban as fincas que buscábamos. Agochei a

miña inseguridade e afirmei rotundamente que só debían faltar uns centos de metros para saír daquel soño angustioso.

Parecía que a deusa Fortuna nos acompañaba na nosa viaxe. Cando por fin alcanzamos o claro, vimos que esas terras debían estar abandonadas dende había moito tempo, pero o camiño que buscábamos tiña que estar por alí. Non tardamos moito en atopalo, e aínda que a vexetación e a neve o camuflaban un pouco, a esperanza de atopar a civilización antes de que a noite nos atopase a nós xurdiu de novo. Despois de tantas horas camiñando, volvemos a leriar e a comentar con orgullo a nosa grande fazaña. O son do río, agora, oíase permanentemente, sen intermitencias, e pouco a pouco o camiño daba sinais de que estábamos nunha

zona transitada. Parámonos nunha vella ponte feita con grandes lousas e descansamos uns minutos. A partir de alí puídemos montar de novo nas bicicletas, e non tardamos nin media hora en atopar de novo unha estrada asfaltada. Creio que nese intre algunha bágoa esvarou agochada entre as gotas de suor da miña cara.

Chegamos a Xares aló polas sete da tarde. Cando lle preguntamos a unha señora por un albergue no que puídesemos pasar a noite, apresurouse a ofrecernos por un prezo máis que económico unha casinha na que ela e o seu marido xa non vivían, pero que conservaban coma se agardasen que algún día un dos seus fillos regresase para quedarse alí para sempre. Non o podíamos crer: unha habitación con dúas camas, e outra de matrimonio; a cociña e o baño totalmente reformados; calefacción de gasóleo; e o mellor de todo, café e biscoito que nos ofreceu xenerosamente a propietaria. Fomos á única tenda que había na vila e mercamos todo o que nos pareceu necesario. Regresamos, démonos unha ducha, estendemos a roupa sobre os radiadores de toda a casa, e logo ceamos e durmimos coma reis.

As dúas últimas xornadas da nosa aventura discorreron con relativa tranquilidade. O sábado visitamos o santuario de Santa María das Ermidas,



que se atopa nunha das gargantas do Bibei, nas terras do Bolo. Despois de xantar pedaleamos ata Manzaneda, onde pasamos a noite. O domingo baixamos ata o encoro de Chandrexa de Queixa, dende alí continuamos polos Petarós, e finalmente cruzamos San Mamede. Nos últimos quilómetros o meu xeonllo comezou a notar a sobrecarga de todo o esforzo acumulado, así que tiveron que baixar de novo da bicicleta e camiñar ata Maceda. Xa non importaba. Ás seis da tarde chegamos a Foncuberta, tomamos unha cervexa fresca no bar da Pepita e celebramos con orgullo a nosa fazaña.

Non estivemos no medio do océano, pero creo que despois daquela experiencia

comprendo mellor a Goethe. Hai non tantos anos, cando eu aínda era un cativo, unha persoa que non era un grande escritor, nin moito menos famoso, díxome unhas palabras que marcarían a miña vida moito máis ca tódolos heroes

das novelas de aventuras que puiden ter lido. Trátase do meu avó Fernando. O que me dixo foi: *“Ramón, nesta vida, o que busca o saber, téñ que andar, ou téñ que ler”*. E iso é o que procurei facer dende aquel día.



OS GALEGOS EM PORTUGAL

Rodríguez Vaz

Na península que habitamos, na Europa, mesmo no mundo inteiro, nada nos é mais próximo do que a Galiza, nada deveria ser-nos, também, mais caro. Temos ali uma irmã de cultura, no idioma, no modo de ser. Por ali se prolongam tranquilamente as nossas paisagens. Foi dali que, num dia longínquo, nascemos como país, depois de séculos em que o nosso Norte era somente o Sul da Galiza.

Fernando Venâncio - Semanário Expresso

Não podemos estar mais de acordo com a afirmação da citação em epígrafe, retirada de um artigo que aquele professor universitário publicou no referido semanário português, sob o título Mana Galiza.

Efectivamente, malgrado várias tentativas de divisão e, nalguns sectores, o aparecimento de algumas pedras-no-sapato da reconhecida irmandade que ainda se nota entre portugueses e galegos, a verdade é que o tempo actual é de união e tudo será pouco

para fomentar o seu reforço nos próximos anos.

Porque, como aliás o professor Fernando Venâncio realça justamente, «Um crescente conhecimento do passado e do presente galegos virá minar-nos algumas certezas. Virá confrontar o nosso secular autocomprazimento com interrogações inesperadas, talvez incómodas. Alguns exemplos triviais. Proclamamos, com íntimo alvoroço, que, sem os portugueses, o Mundo teria ficado de três maravilhas: a da saudade, a do infinito pessoal e a das cantigas de amigo. Em doridos fados, em engenhosos ensaios, miramos e remiramos essas dádivas dos deuses. É um espectáculo deprimente. Porque tudo isso, e bastante mais, trouxemo-lo do fornecido celeiro de origem, onde já se tinha inventado a saudade (a palavra e a coisa), onde já o infinito pessoal se fizera corrente (e, à cautela, se assegurara o futuro do conjuntivo) e onde se começava a internacionalizar a cantiga de amigo, o género mais “in” de



toda a largura norte da Península.»

Povo generoso, conhecido pela sua honestidade e probidade, pelo que era-lhe pedido frequentemente servir de intermediário de recados de amor, que veio a Lisboa para governar a sua vida, passando tão discretamente quanto possível, o galego foi presença marcante nos últimos séculos em toda a capital portuguesa, adoptando primeiro as mais variadas profissões que exigiam esforços, nomeadamente aguadeiros, estivadores, mariolas, carregadores e amoladores, não esquecendo os boleiros e os pitrolinos, e depois os empregados de mesa e, por último, proprietários de tascas



e restaurantes e negociantes imobiliários.

Quer às esquinas da Rua Augusta, à espera de clientes, quer no largo que hoje se chama do Chiado mas que no século XVII era conhecido como Ilha dos Galegos, por estes ali se concentrarem amiúde, os galegos eram tão notórios que todos os viajantes da época os referem, normalmente no aspecto positivo, como, por exemplo, a princesa Ratazzi, no conhecido livro "A Formosa Lusitânia", que Camilo Castelo Branco traduziu, define-os assim: «Os melhores criados, mais trabalhadores, honestos, briosos e fiéis são galegos, assim como os carregadores, aguadeiros e a maior parte dos padeiros de Lisboa. Se a gente precisa de um portador fiel, chama um galego. (...)»

Na verdade, se bem que a emigração se dá agora em sentido contrário, sobretudo do norte de Portugal para a Galiza, a presença dos descendentes de imigrantes galegos continua a ser notória em Lisboa, especialmente na restauração e no negócio de imóveis. E também no plano intelectual, a contribuição galega é igualmente notória, desde o escritor Alfredo Gusado, um dos luminares do grupo Orfeu, que quando vereador da Câmara de Lisboa, conseguiu fazer aprovar a construção do Crematório do Cemitério do Alto de S. João, contra a vontade da Igreja Católica, a Fernando Assis Pacheco, escritor de reconhecido valor, desde o grande escritor José Rodrigues Miguéis ao professor Juvenal Esteves, desde a escritora e poeta Matilde Rosa Araújo ao gran-

de pintor Dominguez Alvarez, entre muitíssimos outros.

Porque os tempos são outros e outras as condições, já não vamos ouvir mais o célebre pregão "Aú", que dava tipicismo e cor à Lisboa do antigamente, mas, curiosamente, voltámos desde há dois anos a ouvir o toque típico e o pregão "Amolar tesouras e navalhas e compor guarda-chuvas", por sinal por beirões dos quatro costados que ainda conseguiram as típicas tarasanas – roda dos sete ofícios – que foram desencantar algures a um velho amolador do Sobroso, nas cercanias de Mondariz.

Como é geralmente conhecido, os galegos são os responsáveis pela implantação, em Lisboa, de vários manjares que ainda hoje são presença na maior parte das ementas alfacinhas.

A saber, a meia-desfeita, nome que vem de ser uma dose para duas pessoas, pois antes tudo era partilhado para ficar mais barato; a mão-de-vaca, que, tal como a meia desfeita, era para utilizar o grão-de-bico, aliás o grão-banzo galego ou o ervanço beirão; as iscas, que os galegos começaram a servir com "elas", batatas fritas às rodela; o caldo verde, aliás com couve-galega; o bitoque, que tomou o nome de um galego atarracado que o começou a servir; além do prego, assim denominado por ser feito com



as pontas da carne, e do caldo de camarão e da fava-rica.

Não esquecer também o seu papel na higiene da capital portuguesa, que sem eles seria, evidentemente, mais suja e mais insalubre, porque a sua presença foi fundamental para a distribuição de água e para o primeiro serviço de bombeiros, de capital importância numa época em que havia muitos incêndios, especialmente durante o Verão. Além da importante função de transportar os doentes para os hospitais e levar os mortos para os cemitérios, a construção do Aqueduto das Águas Livres, no tempo do Marquês de Pombal, teve também a imprescindível colaboração dos galegos, assim como a reconstrução da cidade de Lisboa após o terramoto de 1755 e os trabalhos do convento de Mafra, não esquecendo que eles foram os pioneiros da Companhia das Águas, pois não devemos esquecer que no séc. XVIII, estavam nesse serviço nada menos do que 3000 galegos, que se forneciam em 29 charizes.

Ligada aos galegos em Lisboa está desde há muito tempo a capela de Santo Amaro, no Alto de Santo Amaro, que é conhecida como a capela dos Galegos, por estes venerarem este patrono dos membros superiores e inferiores, afinal a sua ferramenta essencial para o trabalho.



Por tudo isto, é inegável que a solidariedade luso-galega tem de ser encarada como a coisa mais justa e natural do mundo, pois que de povos irmãos se trata, sendo as diferenças também sintomas de união. O que nos leva a concordar completamente com Fernando Venâncio, quando ele conclui: «Parece (...) proveitoso deixar descansar a História e seus sobressaltos, ou lembrá-la só para entender melhor aonde chegámos hoje. Um bom começo seria proibir lirismos do tipo «a separação que nunca devia ter-se dado», «unir o que a História dividiu», «reconstruir a Galécia». Tudo lastro, tudo tralha. Baste-nos saber que, se de

algum povo somos manos, é desse. Demasiado parecido connosco, ele canta melancólico, chamando-se a si mesmo «uma folha no vento/ alento e desalento», como no soberbo número “O Meu País”, do grupo Luar na Lubre, com a voz da portuguesa Sara Vidal. Ou já bem diferente, seguro, inventivo, achamo-lo ao estirador ou frente ao ecrã, criando uma banda desenhada e uma animação digital que dão cartas a nível peninsular e europeu. É assim que muitos galegos preferem olhar o seu país, como um projecto de futuro, numa periferia que já não é condenação mas oportunidade.»



OFICIOS DOS GALEGOS EN PORTUGAL

Helena Justino



LEMBRANZAS DUNHA AVOA

Óscar Santiago Sobrino

MERCEDES SOBRINO RODRÍGUEZ

Mercedes naceu en Xinzo da Costa, o 24 de xullo de 1.924. Filla de Emilio e Carlotta. Unha tarde, Mercedes, atendendo a petición do seu neto Óscar, para que respostara ás súas preguntas, lembrou as vivencias de cando ela era nova.

Por medio das repostas de Mercedes trasladarémonos, por un intre, ó século pasado e poderemos comprobar os cambios que se teñen producido dende entón.

ÓSCAR: *Que tal na escola?*

MERCEDES: A escola era sagrada, xa que había que ir sempre. Recordo que o mestre vivía na propia escola. Había mestres moi bos, pero tamén os había malos.

ÓSCAR: *Ata cando estiveches na escola?*

MERCEDES: Ata a idade obrigatoria, 14 ou 15 anos. Despois se querías seguir estudando, había que pagar. Eu non puiden seguir porque non había cartos.

ÓSCAR: *Eras boa estudante?*

MERCEDES: Non se me daba mal.

ÓSCAR: *Hoxe case non se escriben cartas, utilizamos o teléfono ou o correo electrónico. Ti escribías moitas cartas?*

MERCEDES: As primeiras cartas que escribín foron para algún mozo.

ÓSCAR: *Cando fuches a Ourense por primeira vez?*

MERCEDES: Tiña uns 20 anos, ó día seguinte de casar en Vilar de Cas. O meu marido e mais eu iamos ir ata Vigo, pero esa mesma noite el dixo que era mellor voltar “xa que gastamos moito e estamos a durmir sen almofada”. Ata entón só tiña a Maceda.

ÓSCAR: *E a Maceda, iades en coche?*

MERCEDES: Iamos a pé. A primeira vez que vin un coche foi, concretamente, o do Gobernador Civil, aquí en Xinzo da Costa, que viñera a inaugurar a casa dunha veciña con poucos medios

ÓSCAR: *Que pensaches que era aquilo?*

MERCEDES: Tiven unha sensación de gusto e de tristeza ao mesmo tempo, vendo tal cousa.

ÓSCAR: *Cando iades a Maceda?*

MERCEDES: Íamos á feira e levábanse, para a súa venda, todo tipo de animais: vacas, porcos, pitas, galos,... Un día, indo coa miña nai, por non pagar a “guía” (imposto feirante), chegando a Maceda, metemos os ovos nunha bolsa, e atámola á cintura por dentro da roupa. Cando chegamos á altura do home da “guía” (onde actualmente se atopa a gasolinera do Milo) caeron todos os ovos. Entón, o home dixo: “pero muller, non ve que



acaba de perder máis que pagando a guía!”.

ÓSCAR: *Recordas onde se poñían os postos nas feiras?*

MERCEDES: O gando estaba un pouco máis abaixo do actual Toural, un pouco máis arriba da Praza dos Cabaceiros.

Tódalas sementeiras, como as fabas, o millo, o pan,..., estaban na Praza das Toldas.

Cara ás Canteiras, era onde se poñían os da roupa do rastro, e na Praza dos Taxis, vendíanse as verduras e mailas prantas.

ÓSCAR: *Cando estabades enfermos, que facíades?*

MERCEDES: Había soamente un médico en Maceda, pero botábase man de moitos remedios caseiros, a base de herbas, como a silveira, o romeo, a ruda, as durmideiras, etc.

ÓSCAR: *Sen médico e só con remedios caseiros, a saúde non debía ser moi boa. Non si?*

MERCEDES: Antes morría moita xente do que lle chamaban a “tísica” ou “tuberculose”.

ÓSCAR: *Facíades festas?*

MERCEDES: A de San Antón, o santo do meu pobo.

ÓSCAR: *Como o celebrabades?*

MERCEDES: O día da festa comíase un pouco mellor ca o resto dos días. Viña unha banda de música e había que lles dar de comer ós 8 ou 9 homes da banda, para o que, ou ben se mataba a ovella máis vella do pobo ou cada un dos veciños, se facía cargo dun músico e lle daba de xantar.

ÓSCAR: *E no entroido?*

MERCEDES: Entón era moi diferente a hoxendía. Pasabámolo mellor. Había o chamado Reinado. Os disfraces deste, eran mellores cos de vellos. Ían de branco e a xente vestida de “madáns”. Os felos entraban nos currais e nas casas, onde había bica e viño para todos.

ÓSCAR: *Nas matanzas xuntábase a xente do pobo?*

MERCEDES: Xuntábanse, daquela, os homes do pobo, e deitaban o porco nun carro para o

matar. Ó día seguinte, desfacían o porco (desfeita). O 3º día, facíanse os chourizos. A matanza viña sendo, máis ou menos, coma hoxe, agás que no día da desfeita, se comía algún raxo ou filete.

ÓSCAR: *E dos traballos do campo?*

MERCEDES: A malla: primerio segábase o pan, logo traíase nos carros, despois facíanse as medas e por último barríase a aira con bosta de vaca

Logo, cada día, mallaba un veciño, e as mulleres espallábano, e volvíase enfeixar de novo. Despois, levábanse os feixes para a palleira, e o gran metíanse en sacos. Os días con algo de aire, aproveitábanse para limpar o gran na peneira.

ÓSCAR: *Que recordas da guerra?*

MERCEDES: Estando no río de Xinzo da Costa, xunto con máis nenos e moitas mulleres, xa que iamos a miúdo a lavar a roupa, recordo que, á altura da ponte, pasaron dous fascistas, levaban a dous irmáns, ó José e ó Augusto (gaiteiriños de Xinzo da Costa) e nisto, o José sacou a boina e saudou a todas as mulleres que alí estabamos.

ÓSCAR: *Coñecíaos ben?*

MERCEDES: O meu pai, levábase moi ben co pai dos gaiteiriños. Decía que eran compadres. Recordo que o Augusto voltara á casa de noite, pero que o José non. Ó día seguinte, o meu pai mandoume ir á casa deles, para preguntar se xa xantaran, pois se era así, iría logo el para lle contar que ó José o “sacaran a pasear...”

A partir de aquí, a historia xa é bastante coñecida.

ÓSCAR: *Que che parece o invento da televisión?*

MERCEDES: Tiña uns 30 ou 35 anos de idade cando a vin por primeira vez. Cando voltou de Venezuela un irmán meu, trouxera unha radio, cousa que me interesou moito. Pero a miña cunhada tamén me dicía que nos foramos preparando para a chegada da televisión, pois amais de oírse, vense os homes dentro dun cristal.



UNHA ANDAINA POLO PASEO DO RÍO

José Antonio Rodríguez González (Nené)



Comezo a miña andaina na ponte de Vixueses. Deixo do outro lado da ponte o *Muiño do Chourizo*, hoxe propiedade da familia de Francisco Caramés. Está ergueito, desafiante, desafiando o paso do tempo, os embates da auga, o vento e as crecidas do río, non querendo esmorecer e así seguir formando parte da historia de Maceda.

Dou os meus primeiros pasos, paseniño, non teño presa, teño todo o tempo do mundo. Sinto unha grande ledicia pois son un namorado deste “noso río”.

Deixo á miña esquerda o lameiro do Paulino, un home especialista en coller troitas no río “a cachea”. Colleu centos delas; daquela había centos e centos de troitas (*Salmo Trutta*), ao longo de todo o río.

Hoxe neste lameiro pacen as ovellas de Luis Del Campo. Tén un bo rebaño; dá gusto velo.

Sigo para adiante, tamén paseniño, á miña esquerda está a prantación de Chopos brancos (*Populus Alba*) de Juan Rey Quiroga. Estes chopos parecen desafiarse entre eles para ver quen é o máis alto, buscando o sol que os fai medrar. Continúo a miña andaina, de vagar como dixeran, sigo sen ter presa.

Chego ao lameiro de Aureliano Ferreiro, hoxe transformado en área recreativa cunha charca na que campan algunhas troitas con toda liberdade, agardando que lle veña comida a través da caldeira que vén da presa. Hai varios anos, ao facer o paseo, prantaron árbores nesta área, entre eles salgueiros (*Salix Alba*), bidos (*Betula Alba*) e amieiros (*Alnus Glutinosa*).

Xa estou na presa do Porto; ollo como cae a auga a través dela e sinto o seu ruído ao pasar polas pedras da presa, tan ben colocadiñas quen sabe por que canteiros tan bos, ninguén o sabe, eses canteiros que son parte da historia deste río tan fermoso.

Sigo toda a vaira e chego un pouco máis adiante, donde de neno me bañaba na compañía da miña prima Julita e as fillas e fillos do “Rarote”, Ángeles, Mary Carmen, Moncho e Pepito. Era a época dos bañadores Meyba, hai moitos anos, falo da década dos cincuenta e sesenta do pasado século.

Sigo toda a vaira e chego un pouco máis adiante, donde de neno me bañaba na compañía da miña prima Julita e as fillas e fillos do “Rarote”, Ángeles, Mary Carmen, Moncho e Pepito. Era a época dos bañadores Meyba, hai moitos anos, falo da década dos cincuenta e sesenta do pasado século. Que ben o pasabamos! Empregabamos para nadar os neumáticos das rodas dos coches. Que tempos! Que tempos aqueles cheos de felicidade! Neste si-





tio había dous lavadeiros onde ían as mulleres cuns caixóns de madeira para se axeonllar e así lavar no río; os peixes acercábanse ao xabón que empregaban. Levaban a roupa en tinas de zinc; unha vez lavada a roupa e retorcida para sacarlle a auga tendíana no campo ao sol para a crearear. Lémbrome moi ben como era. Qué tempos!. Párome uns intres para lembrar todo aquilo.

Sigo para adiante. Chego a Ramuín, vexo a presa esbarruntada; Que magoa, que non se poida arranxar!.

Xa estou “na ponte”; á esquerda o muiño do José (O Viñoteiro); se o muiño puidera falar, cantas cousas nos diría! quén o puidera saber!

Na entrada do muiño aínda se poden ver as ferraduras para atar nelas as bestas e os burros.

Sigo a miña andaina. Xa estou na presa do Chocolateiro. Sigo adiante e contemplo os carballos (*Quercus Robus*) centenarios ao longo de toda a vaira; qué fermosos!.

Estou nos parados de Francos; hoxe non existen, pois marchou coas pedras a corrente do río.

Chego ao muiño do Puentes, hoxe propiedade de Paco Nóvoa; contemplo por onde baixa a auga para mover as rodas do muiño; que obra de canteiría! Que bos eran aqueles canteiros!.

Xa estou na ponte de Francos; ollo a fervenza uns intres; outra gran obra de canteiría! Que fermosura! Que beleza!.

Estou xa no muiño do Cerreguicho, propiedade do seu fillo Manuel Blanco. O muiño está remozado, co seu tellado novo. ¡Se este tamén puidera falar! Qué nos contaría? Seguro que milleiros de cousas; e qué cousas!.

Sigo un pouco máis e atópome á altura da Forada, xa ao final do paseo.

Contemplo a área recreativa que aquí se fixo, cos seus bancos de pedra e mais prantación de árbores, bidos, amieiros, algún piñeiro manso (*Pinus Pinea*) e tamén algún loureiro (*Laurus Nobilis*).

Cheguei ao remate da miña andaina e teño que voltar para a miña casa. Antes saco do peto da camisa un paquete de Ducados, saco un pito, préndolle lume e séntome nun dos bancos de pedra.

Non teño ningunha presa en voltar, aínda é cedo. Mentres fumo póño a pensar un pouco e a lembrar. Cantas lembranzas en tan poucos segundos!, foron outros tempos.

Volto para atrás, camiño da miña casa. Xa estou de volta na ponte de Vixueses. Saio á estrada, camiño para a miña casa. Dan-me gañas de voltar, dame mágoa deixar o río.

Votarei máis veces para seguir lembrando, teño moito tempo. Que lembranzas!.



MENTE SA EN CORPO SAN

Mª José Fernández Suevos

Máis que un obradoiro, semella unha reunión de amigas que se xuntan para falar das súas vidas. Máis que unhas simples compañeiras, todas elas defenden que se levan de marabilla e que se axudan unhas ás outras en todo o que sexa necesario. Leducias, preocupacións e receitas de cociña saen a relucir no encontro semanal que as mozas de Carguizoi, xunto con outras veciñas de Sarreaus, todas elas maiores de 60 anos, manteñen co fin de exercitar a súa memoria. Non é este o único obradoiro de iguais características que téñen lugar en Maceda, xa que son moitas as aldeas do Concello que acolleron e acollen esta iniciativa.

O programa, desenvolto por Ana Álvarez González, psicóloga e directora do Centro de Información á Muller de Maceda, téñen como principal obxectivo “aumentar o benestar e mellorar a calidade de vida das persoas participantes, fomentando o emprego dos recursos que lles permiten desenvolverse mellor na súa vida cotiá e manter o maior tempo posible a súa capacidade funcional, autonomía e independencia”.

O obradoiro estrutúrase en varios módulos con diferentes finalidades: O primeiro deles xira en torno aos conceptos da memoria. Neste apartado o interese céntrase en desterrar falsos mitos, deixando claro “que todos temos fallos á hora de lembrar, non só a xente maior, e facerlles entender que é algo normal”, explica Ana Álvarez. Esta preocupación está latente en todas as

participantes e Benita Santiago, exprésao dicindo que é moi despidada e, deste xeito, o curso “sírvenme para centrar a cabeza”.

O módulo segundo atende a diferentes técnicas e estratexias para lembrar, facilitándolles un bo número de trucos.

Xa na terceira parte, mediante exercicios, intentan estimular as capacidades cognitivas das asistentes, así como os sentidos. Poderíamos dicir que esta é a parte máis lúdica da xornada, xa que os exercicios (sopas de letras, pares asociados, atopar diferencias) son moi divertidos e as aplicadas mozas fanos encantadas. De feito, ata levan “deberes” para as súas casas que, como asegura Manuela Fontela, “serven para pasar o tempo ademais de exercitar a memoria”.

Por último, as asistentes aprenden a aplicar os diferentes exercicios e estratexias ás súas vidas cotiás e técnicas de relaxación, necesarias para poder prestar atención e, polo tanto, lembrar.

O remate do obradoiro, as alumnas celebrarán unha festa e

recibirán un diploma acreditativo da súa participación.

As mulleres de Carguizoi fan un balance moi positivo da súa asistencia ao curso, xa que, ademais de traballar coa cabeza, pasan un rato agradable. A experiencia non só é positiva para as participantes, que non dubidarán en asistir a novas actividades que lles propuxesen, senon tamén para a psicóloga, quen define ás súas “alumnas como xente con moita ilusión, moi participativa e agradecida, coa que podes pasar un bo rato”.

Esta iniciativa é unha boa mostra do ben que funcionan as actividades ó achegalas ó entorno rural, onde as mulleres, neste caso as de Carguizoi e Sarreaus, son activas, dinámicas e teñen moitas ganas de superarse cada día. (Non dubido de que os homes tamén o sexan, pero neste obradoiro en concreto non se animaron a participar).

Un último apunte, debe ser certo que corpo e mente están totalmente vencellados e cada un repercute no outro, xa que a estas mozas ninguén lles botaría os anos que teñen.



NO VAL DE MACEDA

(Parroquia a parroquia)

CASTRO, o abrente de Maceda de Limia

Luis del Campo Prol

Castro de Escuadro atópase nas confluencias de tres formacións xeolóxicas: o Cámbrico, o Estrato-Cristalino e o Contemporáneo. Está situado na ladeira occidental da Serra de San Mamede, na chaira que xurdiu despois dun grande correntemento de terras que mesmo formou a depresión do río da Teixeira. Na caída cara a ese río áchase o Castro de Malamao que deu lugar á denominación do pobo.



O Castro de Malamao

Este tipo de asentamentos, denominados castros, foron modelo dominante no noroeste peninsular. A cultura castrexa amosa parámetros cronolóxicos dende o século X a.d.C. Os fortificados e os pequenos amosan substrato histórico inxente, xa que logo a maioría foron romanizados [a Vía Nova pasou -nun trazo do inicial- ao seu carón, como demostra a lápida de Escuadro].

O Castro tivo repercusión alén da contorna co achado dun tesouro [unha galiña cun-

ha ducia de polos de ouro]. Un veciño de Barxela atopouno cando araba pola zona, nos restos dunha pequena construción [os romanos consagraban a Minerva e Mercurio e sacrificaban a Esculapio que adiviñaba o porvir nas tripas das aves].

Tamén transcendeu outra singularidade no Castro de Malamao, mesmo no picouto do Madrollo, nun penedo duns 5 m. de longo por 3 m. de altura. Dende tempos inmemoriais observouse, soamente de noite, unha luz acesa e intermitente que ao

se aproximar a ela desaparecía. Nas escuras noites de inverno servíalles de facho ás xentes daqueles lugares para se orientar. Os PP Paúles dos Milagres tentaron fixar o sitio. Agora ben, ao se achegar alí nunca souberon o porqué do fenómeno. Escribiron sobre o tema Manuel Vidal, Vicente Risco, Conde-Valvís, Fernández Francisco, Luis Madriñán... Mesmo lle enviaron ao CSIC, en 1944, un informe sobre o fenómeno, aínda que sen conclusións nidas.

Perdido na noite dos tempos, Badales de Buxo, na noite primeira do ano, ourexa o pobo espantando bruxas e meigallos para máis adiante, con rituais ancestrais disfrazarse con outros felos que, con andar ousado por camiños e corredoiras, van de aldea en aldea, amedrentando vellas e nenos. Con carautas, chocas e caiado, de día e de noite, saen no ciclo do Entroido os felos de Castro para espantar trasnos e medos.

No século XV podemos



aventurar que un persoeiro histórico como foi Xoán de Nóvoa [João da Nova], mesmo puidese ter nacido en Castro, coto dos Nóvoas e relevante enclave. Chegando á metade do século XVIII atopamos Castro vinculado ao mosteiro de Montederramo con abondosos cultivos de trigo, centeo, millo miúdo, liño, nabos, castañas, herba, verzas e leña. Tamén con gando bovino, crapino e algunha besta, polos que se pagaban décimos ao mosteiro.



Conta Castro cunha capela antiga, con restos románicos dedicada a Santo Anxo. O sistema construtivo do pobo con paredes semicirculares feitas de lousa e seixos sen labrar, retrotraenos ás construcións castrexas, aproveitando materiais propios da zona. De rúas estreitas e de corredores comunicando casas aos dous lados da corredeira, conforman construcións singulares cun espazo ben aproveitado.

Eiquí naceu Xosé García Mosquera en 1817, catedrá-

tico nos institutos de Cuenca e de Ourense, cidade na que morreu en 1868. Poeta e tradutor ao galego da poesía latina *Beatus Ille* de Horacio. Conta Fulgosio na súa *Crónica General de España* (1866), que na Serra de San Mamede “vense algúns osos, cervos e rebezos. Abundan lobos, cervos, lebres, coellos e perdices. Ademais da agricultura, na que traballan a maioría dos habitantes, hai varios muíños fariñeiros, teares de liño nos que se ocupan as mulleres e carboneo...”

Nas circulares de 6 de xuño, 22 de xullo e 19 de agosto de 1820, aparece Castro inserido no concello de Maceda de Limia [conformado como axuntamento constitucional no primeiro período liberal (1812-14)]. No nomenclátor de 1940 conta con 65 casas para vivenda, 71 para palleiras e cortes, cunha poboación de feito de 331 habitantes, a aldea que contaba máis xente, logo da vila [o concello chegaba aos 6.285 h.]. Cara a 1973 rexistrouse unha baixa considerable de poboación con 174 habitantes, logo da grande emigración dos anos 50 e 60. Hoxe non pasa dos 40 habitantes.

Tivo escola de rapaces na parte alta da aldea. Dispón dun sistema de rega non só de tradición oral, senón por partilla xudicial. Caso curioso, pois hai poucos pobos que o teñan. Conseguiuse por mor dunha denuncia dun crego



de Castro que non vivía alí. Os veciños non lle daban os días de auga que lle correspondían. Denunciounos no xulgado de Allariz. Pediulle 2.000 pesetas [daquela unha fortuna]. O xuíz, aplicando a lei, asinou en 1902 un reparto modélico de augas.

Castro, asentado ao pé do Xigante Durmido, pode ollarse dende todo o Val do Medo. De corredeiras fondas, seixos e lousas, de misteriosas luzadas, de rextos penedos e rúas empinadas, aínda conserva moitas tradicións na memoria colectiva das súas xentes, xa que logo foi un dos asentamentos primitivos da contorna. Eis o abrente do Val de Maceda de Limia.




PASATEMPOS

Mª Carmen Aldemira Requejo

CRUCIGRAMA

HORIZONTAIS: 1. Triturar, converter algo en pó. Pronome relativo. 2. Selo primeiro en algo. Antiga medida de lonxitude equivalente a un cóbado, plural. 3. Solución de azucre con substancias medicinais. Afirmación. 4. Pasar, moverse dun lugar a outro. Cesta grande e sin asas. Consoante. 5. As aves diexan os ovos. Banco de sardiñas. 6. Artigo. Duodécimo. Consoante. 7. Vixésima letra. Ao revés, xunta, pon en contacto. Consoante muda. Onomatopeia da vaca ou boi. 8. Letra do alfabeto. Retroceder, ir cara atrás. Símbolo do nitróxeno. 9. Símbolo do iodo. Letra. Ao revés, monarca. 51. 10. Porse ácida ou amarga algunha cousa. Xabón líquido de aspecto xelatinoso.



VERTICAIS: 1. Imaxinación. Río galego. 2. Lugar onde se gardan os ósos nun cemiterio. 100. 3. Vogal. Consoante. Fonema nasal, palatal sonoro. Nome dunha letra. 4. Décimo novena letra do alfabeto galego. Cada unha das pezas rixidas e duras dos vertebrados. Abreviatura de Nordés. Consoante oclusiva dental sonora. 5. Parte inferior ou base en que se apoian algunhas cousas. Conxunto de doce cousas. 6. Parte dianteira prominente da queixada. 7. Esgazar violentamente un anaco de tea. 8. Preposición. Labre a terra removéndoa co arado. Consoante. En álgebra, é a incógnita. 9. Contracción, plural. Vogal. 1000. 3ª persoa do presente de indicativo, verbo ler. 10. Voz lalítna, así, tal cal. Instrumento óco, en forma de cono para pasar un líquido dun recipiente a outro de boca máis estreita.

SOPA DE LETRAS

Busca o nome de oito árbores. Ten en conta que poden estar de esquerda a dereita e de abaixo a arriba e viceversa.




NOVA PALABRA

Busca a palabra escondida. En cada unha das seguintes atoparás UN NÚMERO DE LETRAS PARA FORMALA

B	O	U	Z	A	S	2
E	M	B	I	G	O	3
F	O	U	C	E	S	3
X	U	R	E	L	O	4
R	U	X	I	D	O	4

	E		I		O
--	---	--	---	--	---

SOLUCIÓNS



Crucigrama



Sopa de letras

Nova palabra: REFAIXO



PARA OS MÁIS CATIVOS

Xurado Concurso

Logo de propoñer a nenas e nenos, no número 0 desta revista ALCATRUZ, no seu apartado que denominamos “Para os máis cativos” un texto tirado do conto “A aldea das catro primaveras” de Xoán Babarro, que se animaran a lelo enteiro para, despois, responder a unhas cuestións por nós plantexadas; agora, e despois dunha selección levada a cabo, publicamos un dos traballos presentados e que pertence a:

ISMAEL DEL CAMPO, de 10 anos de idade e natural da vila de Maceda

Sabes onde naceu Xoán Babarro?

Naceu en Calvelo – Maceda.

Que nome lle poñerías ti á nova cidade?

Galegópolis.

Como ves, ti, a primavera no teu pobo? Descríbea.

Véxoa frores de alegres cores, con calor, e todo se tingue de verde.

Se vivises nesta cidade, que oficio elixirías? Por que?

Albanel.

Porque habería moito traballo e gañaría moitos cartos.

Coas presas, de que se esqueceron?

De facer as portas.

Coa nova cidade, que lle pasou ás aldeas?

Que desapareceron.


Gustaríache que ocorrera isto onde vives? Por que?

Non porque a cidade contaminaría moito.

Debuxa, ti, a cidade que che gustaría.



A MARELA TARAVELA



Esta é unha vaca que parece unha persoa. Aínda que sexa en soños, xoga ó circo, á pita cega, á roda roda... e téñ un vestido azul de seda para os días de festa; por veces leva arredor do seu pelo crecho unha cinta de cor laranxa.

Os seus sentimentos son tamén como os da xente: sente mágoa dos nenos que andan pedichando nas feiras e dos eivados e os cegos; e un día defende a unha lebre do cazador que a quería matar. Pero noutra ocasión tampouco téñ reparo en lle comer os repolos dunha horta ó señor de Pazos.

A Marela é así, como as persoas: un día dalle polo ben e outro, afortunadamente poucas veces, non resiste a tentación de facer unha trasnada.

Atopas interesante a esta vaca tan especial? Estou seguro que estás desexando saber máis dela, non si?

Pois se é así, recoméndoche a súa lectura na Biblioteca Pública da nosa vila, Maceda, e, así, pases uns intreiros moi divertidos con esta historia.

Tamén, quería propoñerche unhas actividades, referidas a este singular personaxe que maxinou o seu autor, Xosé Neira Vilas. Estas son:

ACTIVIDADE:

Unha vez liches esta presentación da Marela Taravela, seguramente, xa, te fixeches unha idea de que pinta pode ter cos aderezos que ás veces emprega, ó estilo das nenas-rapazas e/ou mulleres; polo que, TE ANIMO! a que:

Debuxes unha vaca tal e como nola relata o seu autor (utiliza a técnica que queiras: ceras, lapis de cores, témperas, acuarelas... e emprega, para isto, unha folla como as que téns para as actividades de Plástica, no colexio).

Agora, imos imaxinar -ti e mais eu- que téns unha gandería con 5 vacas de distintas razas. De acordo?

*Pois ben, suposto isto, pediríache que respostaras as seguintes **preguntas***



PREGUNTAS

1. *Que nomes teñen ás túas 5 vacas?*
2. *A que raza pertence cada unha delas?*
3. *En que se diferencian unhas das outras?*
4. *Que razas de vacas son propias de Galicia?*
5. *Por que téas as vacas?*
6. *Para que as téas?*
7. *Gústache a idea de poñer a unha vaca “bonita”, como propón o escritor desta historia?*
8. *Cres que as vacas teñen sentimentos, como nós as persoas? Por que?*
9. *Ti ves a unha vaca capaz de facer unha trasnada? Por que?*

Se queres que saian publicados (como lle pasou a Ismael, no vindeiro número da revista ALCATRUZ, o teu debuxo e/ou as túas respostas, por teren sido seleccionadas polo xurado, non deixes de entregalos na Biblioteca Pública de Maceda, antes de que dea comezo o novo curso escolar. Ah! Non te esquezas de poñer-lo teu nome e apelidos, a idade, así como a localidade na que vives, co enderezo completo.

Só pedirche unha última cousa: NON COPIES A VACA QUE APARECE NA PORTADA DO LIBRO, se queres que o teu debuxo teña posibilidades de saír elixido!

AGRADECIMIENTO

Os Directivos da Asociación Cultural AIRA DAS MANTAS, queremos aproveitar este último espazo desta revista para solicitar de ti –ó igual que o están a facer moitos outros/as- axuda para conseguir levar adiante este proxecto, que ós poucos e paseniñamente, mais sen se deter vai indo cara adiante; polo que ti, se consideras paga a pena tal andaina- colabores connosco aportando ideas, participando na programación e mais na realización de actividades a desenvolver pola Asociación así como a elaboración de sucesivos números da revista ALCATRUZ e/ou facendo unha pequena aportación económica para poder afrontar os gastos que está a levar consigo a dinamización desta nosa Asociación cultural.

De teres a intención de brindarnos a túa colaboración podes poñerte en contacto connosco facéndoo, ben a través de airadasmantas@gmail.com, de www.blogoteca.com/airadasmantas, blog da Asociación, e, tamén, ingresando 20 euros -cota anual establecida para o ano 2009- na conta que a Asociación temos aberta en CAIXANOVA.

GRAZAS!

A DIRECTIVA



